


PROGRAMA

ECOSISTEMA EMPRENDEDOR NA ECONOMÍA SOCIAL

[www.espazo.coop]
COMPOSTELA MÓVESE 2024

Obxectivos



- **Divulgar entre a cidadanía compostelá** os modelos de **empresas da Economía Social** e o das **cooperativas en particular**, como fórmula de creación de emprego estable e de calidade, fixación da poboación, acceso das mulleres a emprego e postos de responsabilidade, recuperación de empresas en crise ou sen relevo. Descubrindo tódalas **vantaxes e potencialidades do modelo cooperativo**.
- Con especial interese dar a coñecer o cooperativismo e **asesorar a persoas que queren emprender en cooperativa**, e **difundilo entre persoal prescriptor** no ámbito do emprego e o emprendemento.
- **Apoiar a cooperativas en funcionamento** na súa mellora e evolución empresarial, mediante asesoramento e acompañamento experto.
- **Dar a coñecer cooperativas do Concello de Santiago**, fomentando un consumo cooperativo, en empresas con principios e valores da ES.

Actividades



ROTEIROS COOPERATIVOS EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ruta para coñecer empresas cooperativas da cidade de Santiago de Compostela. Esta proposta pretende visibilizar o cooperativismo facendo parte actividades turísticas da cidade.

4 edicións en setembro.



FORMACIÓN ESPECIALIZADA DE COOPERATIVAS

- Xestión de cooperativas: facturación e fiscal, 26 de xuño
- Xestión laboral de cooperativas, 3 de xullo
- Intercooperación: poñendo en valor a arte de cooperar, 10 xullo
- Organización e xestión societaria de cooperativas, 17 xullo



ASESORAMENTO A COOPERATIVAS E APOIO AO EMPRENDEMENTO

Asesoramento e acompañamento a persoas interesadas no emprendemento en cooperativa no Concello de Santiago de Compostela. Tamén asesoramento a cooperativas en funcionamento para a súa mellora empresarial e societaria. O servizo conta cun fondo de 100 h. ata o 15/10/24.

Actividades

XORNADA MULLERES LIDERANDO EMPRESAS DE PARTICIPACIÓN

Xornada sobre o liderado e a gobernanza que exercen as mulleres en empresas de participación e na economía social.

Trátase dunha iniciativa dirixida a visibilizar as capacidades das mulleres de emprender e dirixir proxectos empresariais exitosos, polo que se presentarán na xornada recursos e boas prácticas que favorezan o liderado das mulleres en empresas cooperativas e da economía social.

Ao mesmo tempo visibilizará a contribución do cooperativismo para facilitar oportunidades de exercer a igualdade no ámbito laboral e profesional.

1 de outubro de 2024.

MÁIS INFORMACIÓN:

981 57 55 78 - info@espazo.coop | www.espazo.coop

